

ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN TITORA DO “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III BOIRO”

SESIÓN DO 16/11/2023

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretario: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 2: Elena Dosil Redondo

Vogal 3: M^a Dolores Franco López

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 12:00 horas do 16/11/2023, reúnen os membros do tribunal designado para a selección dunha titora do “Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns III-Boiro”.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 207 de data de 30/10/2023, na páxina web do concello www.boiro.gal, así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a valoración do currículo das persoas aspirantes, propoñer a puntuación final e establecer o prazo de presentación de alegacións á baremación.

1.- VALORACIÓN DO CURRÍCULUM.

Os membros do tribunal queren facer constan que, con carácter xeral se aprecian erros na autobaremación presentada polas persoas aspirantes nos seguintes epígrafes:

1) Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complementa ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.

2) Experiencia profesional: O requisito de experiencia mínima de 6 meses por conta allea en tarefas de titoría e/ou docencia (grupos de cotización 1, 2 e 3), que se debe de restar á total para logo acreditar o resto coma mérito.

3) Cursos realizados: só se valorarán **cursos** cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

4) Coñecemento da lingua galega: o CELGA 4 é un requisito, polo que non é obxecto de valoración.

Tendo en conta as bases que rexen este proceso selectivo e a documentación presentada polas persoas aspirantes, o tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:



NOME	TITULACIÓN COMPLEMENTARIA	EXPERIENCIA	Cursos + de 20 horas	Cursos formación	Lingua Galega	TOTAL MÉRITOS
MARÍA ASUNCIÓN PIÑEIRO FERNÁNDEZ	1,5	7,5	2	1	0,5	12,5
ESTELA SAA VILLAVERDE	0	4,15	2	1	0	7,15
LORENA ROMERO SANISIDRO	2	3	0,2	0,1	0	5,3
BERTA MIGUÉNS CASTRO	1	1,75	0,8	0	0	3,55

2.- PUNTUACIÓN FINAL.

Procede establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes neste proceso selectivo. Ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados na fase de entrevista e na valoración do currículo e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta de contratación:

NOME	ENTREVISTA	TOTAL MÉRITOS	TOTAL PUNTOS
MARÍA ASUNCIÓN PIÑEIRO FERNÁNDEZ	7	12,5	19,5
BERTA MIGUÉNS CASTRO	7	3,55	10,55
ESTELA SAA VILLAVERDE	3	7,15	10,15
LORENA ROMERO SANISIDRO	3	5,3	8,3

3.- PRAZO DE ALEGACIÓNS:

Tal e como se especifican nas bases que rexen este proceso selectivo, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 13:00 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Martín Blanco Buceta

Margarita Sampedro Mariño

Elena Dosil Redondo

M^a Dolores Franco López

